



Concello de Laxe

CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

INFORME DOS SERVIZOS TÉCNICOS MUNICIPAIS

INFORME DE INSUFICIENCIA DE MEDIOS

O que subscribe, Jesús Manuel Mallo Puga, en calidade de técnico municipal, adscrito á empresa ATOMO ESTUDIO TÉCNICO como empresa que realiza a Asistencia Técnica no Concello de Laxe, (segundo Resolución da Alcaldía núm. 926/2019, de data 11/12/2019), digo:

En base ao disposto no artigo 116.4.f) da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), cando se faga necesario celebrar un contrato de servizos, previamente deberase xustificar adecuadamente no expediente a insuficiencia de medios.

Vista a proposta do Servizo sobre a necesidade consistente na **CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E DEPENDENCIAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE LAXE** e vista a documentación técnica achegada, emito o seguinte,

INFORME

PRIMEIRO. Insuficiencia de medios persoais:

- O concello de Laxe non dispón de persoal especializado para a limpeza dos edificios e dependencias municipais, polo que é preciso que se realice por unha empresa que presten ese tipo de servizos. Ademais, hai que ter en conta os límites e requisitos establecidos no artigo 19 da Lei 6/2018, de 3 de xullo, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2019, respecto da incorporación de novo persoal no sector público, sabendo que, no caso que nos ocupa, se trata de tarefas e funcións que son permanentes no tempo. Por iso faise imposible que o concello

asuma esas tarefas, sendo a opción máis satisfactoria a contratación externa de servizos para o mencionado contrato.

SEGUNDO. Insuficiencia de medios materiais:

- No concello de Laxe non se dispón das ferramentas e materiais de traballo necesarias para a consecución da necesidade obxecto do contrato.

TERCEIRO. O beneficio de externalizar a prestación do servizo é que non se vai incrementar o gasto en persoal, nin se vai investir en ferramentas e materiais que só se utilizarían exclusivamente para realizar ese traballo.

CUARTO. Publicar o informe de insuficiencia de medios no perfil de contratante de conformidade co establecido no artigo 63.3.a) da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

**MALLO PUGA
JESUS MANUEL
- 52433319N**

Firmado digitalmente por MALLO PUGA JESUS MANUEL - 52433319N
Nombre de reconocimiento (DN): c=ES, serialNumber=IDCES-52433319N, givenName=JESUS MANUEL, sn=MALLO PUGA, cn=MALLO PUGA JESUS MANUEL - 52433319N
Fecha: 2022.11.17 15:46:40 +01'00'